

O PARTIDO GALEGUISTA A-O PAIS

NO DIA DE GALICIA DE 1932

UNIDADE GALEGA

A diada que escomenzou este-xándose como lembranza d-un culto, e adquiriu espendor como exaltación d-un sentir local, e hoxe xornada civil, festa patriótica de todol-os galegos, expresión xubilosa da unidade substancial que forman a nosa Terra e o noso Pobo.

Do mesmo xeito, e a exemplo do que n-esta data se ven facendo, quixéramos nos, poñendo na obra o noso cativo esforzo, que sen mengua das diferencias ideolóxicas, mais esquecendo persoalismos políticos e retesias locais, os galegos percurásemos actuar de cote en xuntoiro d-espiritos, e responder co-a aportación do traballo de cada un a unidade que na xeografía, e na hestoria e na vida mesma réprresenta a nosa Terra.

Que cada cidadán no seu meter e na súa doutrina, se topé sempre solidarizado cos demais galegos, sentindo en si as necesidades xerais, e participando activamente co-a súa na vontade de Galicia.

Somentes así podemos facer do noso solar unha patria; da nosa xente, un pobo.

NON VIMOS PRA DIVIDIR

Somós un partido mais no campo da política, pero non vimos a dividir, senon a colaborar. Xurdimos pra defender e realizar o galeguismo, mais non pretendemos monopolizar a galeguidade. Imos cara a liberdade da nosa Terra, sen precurar pra nos os froitos d-esa conqulsta, senon pra todol-os galegos.

A unidade política e a unidade social de Galicia non poden xurdir do uniformismo; han de ser obra da armonía na variedade. Non queremos un pobo de cidadáns troquelados militarmente, standartizados no sentir e nas tendencias, senon un pobo áxil, onde brile o limpo xogo de todal-ga ideoloxias, onde a polémica política se non luxa endéxamais co sangue do crime electoral, y-onde as reivindicacións sociais non se afundan na esteril loita dos pistoleros, que provoca as revoltas creando denantes a miseria dos traballadores.

O PODER E GALICIA

Quixéramos que Galicia recibrase de cheo a súa personalidade, formando a posesión íntima d-una aspiración integral. A tal fin, compre que renovemos a-esta

o número de compoñentes do Partido, íntresanos a articulación dos seus valores na Galicia de mañán.

O feito de ter diputadlos n-estas Cortes, non nos obriga a cultivar procedimentos de menos honestidade. Os parlamentarios do galeguismo actúan en todo íntre de xeito consoante c-os principios do Partido e a vontade do pobo que representan.

Duas razóns xustifican a nosa presenza nas Cortes españolas: a súa calidade de Constituintes, que entrañan a promesa d-un réximen federal, e o seu carácter de republicanas, que véu a posibilitar a difinición da nosa vida política.

Pól-o que toca a-o porvir, ollamos os dous cauces por onde pode discurrir a actuación do galeguismo.

Si n-estas Cortes trunfa a nosa demanda, e Galicia se dispón a satisfacer a súa unánime arela autonómica, na primeira Asamblea Rexional que se convoque, pra estruturar a organización do país dentro do Estatuto, estará o noso posto de honor. Si, pol-a contra, as aspiracións de Galicia: foran sacrificadas, ou si calquera intransixencia partidista fixera ilusorio o contido autonómico da Constitución, pouco ou nada l-es restaría por facer a-os nosos diputadlos n-estas Cortes. Pero sempre, n-un caso ou no outro, a loita pol-as reivindicacións galegas será a tarefa santa a que os nosos afáns se entreguen.

O NOSO OPOSICIONISMO

E leal confesar, que endexamais dende as outuras do Goberno se ten falado con mais viva comprensión do problema das minorías hispánicas, nin houbo Cortes mais dispostas a solventar os litixios que de vello dividían a-os españoles. Por elo non mantemos unha postura de oposición, fundada en desvío par-o réximen ou en calquera estreita xenreira persoal. Íntresanos establecer esta xustificación, pra evitar confusionalismos.

A nosa posición antigubernamental está prevista en razón dos principios a que o noso Partido responde. Mentras Galicia non sexa dona dos seus propios destinos, endexamais poderemos enroitar-nos na defensa d-este ou d-aquel goberno central. E, moito, menos poderíamos defender unha política

de efectivo renovamento. Non se-re-des coma eses tristes universitarios sen rumbo, profesionales do domínio, recontadores de votos, sempre a enrolarse en todol-os arrivismos. Vos, non.

AS MULLERES DE GALICIA

Non poderíamos deixar de pronunciarnos hoxe, dirixida a elas, a nosa palabra desíntresada. As mulleres fan unha aportación xenéras a nova vida política do país, e compre que tal sexa a calidade que lle impriman: non a d-una remida matización que faga este seu desbordado esforzo.

Na política a moda ten de vir d-abaixo a enriba da masa a-os seus dirigentes. As nosas mulleres non poden esquecer o seu deber de levar a-os homes na mesma tarefa histórica, que en Galicia hoxe non pode ser distinta ao cumprimento do Estatuto.

Tal e a nosa arela inmediata, da que as mulleres galegas non poden vivir divorciadas, si de certo non se acadar, a política algo mais que frivolidade.

RELACION A MOXEDADE

Estados de Galicia: Tendes unha patria nova, que descubrir como Olla, o navegante do norte; tendes unha patria vella que reside, como os irmáns irlandeses.

Na busca de valores que hoxe fan arribar a-o mundo, temos de re-lo agardar de vos un pulo

de efectivo renovamento. Non se-re-des coma eses tristes universitarios sen rumbo, profesionales do domínio, recontadores de votos, sempre a enrolarse en todol-os arrivismos. Vos, non.

Galicia, dentro de poucos anos, estará nas vosas máns. Seredol-os técnicos das cooperativas campestiñas e pesqueiras, e do colecti-vismo forestal da nosa Terra. Da escola faredos o instrumento mais eficaz da cultura galega, pra empregar-o a fondo na obra de renovar o espírito da nosa xente.

E vos tendes de ser os políticos da nosa limpa democracia de pequeno pobo ceibe e xeneroso. Ceibe, n-unha España que tamen se rpanime, e se liberte das taras históricas productoras da súa presente decadencia.

Pra tan xurdia laboura tendes que ser vos os que formedes a vosa propia xeneración. Que teñan as vosas arelas todo o xenio alumi-nado dos románticos e haxa nas vosas testas a precisión dos novos estudos. E nos ollos a ledicia de erguer o moimento eterno da nosa cultura.

¡Adiant, pol-a Terra e pol-a Liberdade!

Galicia. 25 de Xullo de 1932.

O CONSELLO EXECUTIVO



data o noso xuramento e esperar, por todol-os aídos, a té nos destinos da raza.

Por eso non cobizamos o poder, coma os partidos centrais ou centralizados, nin aceptamos "delegacións de poder", calzan os seus afiliados. Quen as percura non está co noso Partido. Pra eles os repartos e as "melloras"; pra nós este traballo xordo de crear un país novo; pra nós esta labourea escura de berrar, día a día, diante á masa galega, "d'escravos e de ilotas", a consigna que ergue a-os pobos adurmiñados:

"Galegos, o poder é Galicia".

A PRESENCIA DO GALEGO NO NAS CORTES

Ainda que constituímos un partido máis, non é a nosa unha organización política a-o vello xeito, mentada co solo fin de suster a clientela electoral.

As nosas fiás asimilan de cote moitos elementos atraídos polo contaxio doctrinal e a caridade da nosa conducta; non pola suxección do favor ou do mando. Pero e ben que todos se decaten da norma que preside a nosa actividade proselitista: mais que

ca allea ou contraria a-os nosos intereses materiais, que na práctica sigue desconocendo as necesidades mais urxentes da nosa Terra; que fai perdurar ainda desigualdades fiscais e privilexios arancelarios; que detén as nosas obras públicas, sen perxucio de volcar os millóns n-outras terras, e de impoñernos unha reforma agraria oposta as realidades campestres de Galicia.

Non e preciso acrarar, que o réximen republicano, merecente da nosa defensa afervoadada, queda a-o marxen de toda inculpación. A responsabilidade recai en todol-os galegos, orixinada por falla de enerxía e solidariedade, no cumprimento d-aquel deber cidadán, que obriga a exercer sempre os dereitos inalienables dos pobos.

REAFIRMACION DOS PRINCIPIOS

Os que queiran xugarnos sereamente, han de aterse sempre a-o texto do noso credo. Non admitimos outra versión, nin outro encasillamento, que os notoriamente xustificados, a tenor da Declaración de Principios e o Programa de Acción, que o Partido Galeguista aprobou na Asambrela celebrada o derradeiro mes de Nadal, en Pontevedra.

Non somos mais, nin menos, que o alí plasmado i-escrito. E posto que os procedimentos nosos están sempre rixidamente axustados a liña da nosa ética e o ritmo do noso pensamento, ben craramente evidenciados, será inútil canto se minta pra nos mostrar a-o público disfrazados do que non somos.

A-OS PARTIDOS GALEGOS AUTONOMOS

Non e hoxe día de añar as acusacións. Esquezamos a magoa de coldar que os representantes de Galicia na gobernación central cumpriran con friaxe os mandados do pobo galego. Temos dereito a agardar que podan cumprirse ainda vellos compromisos co-a Terra, e cos propios programas. Pra ese día, nos cos defensores da autonomía galega, irmáns.

Non podíamos esquecer as forzas agrarias, que agora semellan incorporarse a defensa de postulados ideolóxicos firmes, e dotarse d-unha eficiente disciplina. A nova Galicia confía no rexurdimento campestre, e a-o servizo d-esa esperanza están as nosas arelas mais fondas. A hora que chega, pois, solo será fecunda para a causa agraria, si esta se identificou denantes co-a causa galega.

Par-as outras forzas políticas, autónomas tamen, que non compartan ainda os nosos ideais, vaia tamen n-esta data o saúdo do Partido Galeguista. Saúdo leal de adversario denantes da loita;

es Olmedo

NOVEDADES

LUGO

stantes de Galicia

a, Orense, Vigo a Cruña
Lugo

brememente:

me en Vigo e no Grill
om de

risquería

atos, 3 postres y meia
a de viño

PESETAS

tida de mariscos en
paña

Moreno, 12. -

2. — Teléfono 1866